



Anexo V

Baremo

Para a súa aplicación non se teñen en conta os datos relativos ao/á fillo/a con discapacidade, se for o caso.

1. **Idade:** máximo 10 puntos

- Con menos de 65 anos 2 puntos.
- Entre 65 e 74 años 4 puntos.
- Entre 75 e 84 años 6 puntos.
- Con 85 ou máis anos 10 puntos.

Nesta variable computarase a idade da persoa solicitante e, se é o caso, a do/da cónxuxe (matrimonio ou parella) ou acompañante. Para o cálculo terase en conta a puntuación media.

2. **Situación económica:** ingresos mensuais líquidos: máximo 40 puntos.

- Con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 540 €, 40 puntos.
- Con ingresos mensuais comprendidos entre 540,01 € e 710,00 €, 30 puntos.
- Con ingresos mensuais comprendidos entre 710,01 € e 940,00 €, 20 puntos.
- Con ingresos mensuais comprendidos entre 940,01 € e 1.080,00 €, 10 puntos.
- Con ingresos mensuais superiores a 1.080,00 €, 0 puntos.

Nesta variable valoraranse os ingresos líquidos da persoa solicitante e, se é o caso, os da persoa cónxuxe (matrimonio ou parella) ou acompañante. Para o cálculo terase en conta a puntuación media.

Para calcular os ingresos medios mensuais computaranse todos os ingresos percibidos por cada unha das persoas solicitantes ao longo do ano polos diferentes conceptos e dividido por doce (12) meses.

No caso de empate, daráselle prioridade ás persoas que teñan menores ingresos, seguidas das de maior idade.